

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 21 de abril de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

No Pleno do día 28 de marzo de 2025 acordouse modificar a data de realización das comisións informativas correspondentes ao mes de abril de 2025 debido á coincidencia de que o mércores correspondente sería véspera de Xoves Santo, festivo nesta localidade.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión **ordinaria**, para o **día 21 de abril de 2025**, ás 17.10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/21Y/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de marzo de 2025.

2. 2025/1606Z PRESIDENCIA

Ratificación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) para o período 2025-2027.

3. 2025/12965N PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para a adopción dun plan de prevención e control da lexiónela en colaboración cos concellos da provincia.

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.